



Circular nº22 2015/16

Caraocole 3 e outros

Prezadas familias:

Despois desta semana de experiencia Caraocole podemos facer un **resumo** nos seguintes termos:

- **Agradecerlles** a todos/as a participación, especialmente ás nais e pais colaboradoras/es, así como a familias, profesorado, ANPA, Concello, Policia Local e Protección Civil. Deste xeito, dende logo, que se poden afrontar grandes retos.
- Pensamos que temos preparada a **organización** necesaria para os obxectivos que pretendiamos.
- Con respecto ao **horario** proposto pensamos que é mellor saír ás 8:55 da Rúa do Portiño. Sobra o tempo. Así, ás 9:00 será a saída do punto da farmacia, ás 9:05 no Asia Sigüeiro e ás 9:10 na Praza do Concello.
- **Á volta**, do centro sairemos ás 14:20.
- Non quedan máis **chalecos** polo de agora, cando volva habelos que se están preparando, repartiranse entre os/as que os necesiten. Hai que devolvelos ao final de curso.

- Pensamos que é necesario lembrar que se pretende educar na responsabilidade e **autonomía** e que deben sentir iso, non que son escoltados/as. É un programa de **educación viaria**.
- Tamén debemos dicir que é **responsabilidade** das familias e de ninguén máis, permitir que os seus fillos/as participen nisto, e por iso, deben pensar na idade, acompañamento, madurez, autonomía de cada neno/a para ir sos ao cole.
- Queremos afondar nesta temática na vindeira sesión da **Escola de familias**, na que contaremos coa presenza de José Manuel Suárez, presidente de APEGA (Asociación de Pedagogos/as de Galicia) na que falaremos sobre o fomento da autonomía e a responsabilidade dos nenos e nenas. Será o vindeiro luns 2 de abril ás 17 horas e están todos convidados/as. Contarase con persoal para atender aos nenos/as durante esa hora.

Noutra orde de cousas, durante a **vindeira semana** teremos varias actividades que afectan ao normal funcionamento das clases:

- Quedada **literaria** no Carboeiro. Xunto co CEIP de Sigüeiro.
- Actividades do Observatorio **Astronómico**.
- Semana do **xadrez**. Con actividades ao longo da semana.

Moitas grazas.

Un saúdo.

Sigüeiro, 22 de abril de 2016

